

RESPOSTAS A DÚBIDAS FRECUENTES SOBRE O EXAME DE  
HISTORIA DE ESPAÑA DA ABAU

**-Na pregunta de definición de conceptos, os conceptos serán os mesmos na opción A e na opción B?**

-Non. Os termos que se teñen que definir serán diferentes nas dúas opcións.

**-Na pregunta de definición de conceptos, os termos da opción A serán do século XIX e os da opción B do século XX?**

-Non. Os termos a definir serán aleatorios nas dúas opcións e corresponderán ós tres séculos (XVIII, XIX, XX).

**-A materia do século XVIII é obrigatoria?**

-Non. No momento de responder a pregunta nº 2, o alumnado debe escoller entre a materia do século XVIII e a de Historia Contemporánea.

**-A materia do século XVIII ten unha distribución fixa: reformismo borbónico na opción A e Ilustración na opción B?**

-Non. Pode preguntarse cada un dos temas nas dúas opcións.

**-As preguntas do reformismo borbónico deben responderse unicamente seguindo o guión facilitado na circular do 6 de febrero?**

-Non. O guión é orientativo, pero non é a única orientación posible.

**-As preguntas do reformismo borbónico hai que redactalas (no caso de seguir o guión proposto) ou poden responderse tal e como aparecen no guión?**

-Hai que redactalas.

**-As preguntas de Historia Contemporánea que aparecen resoltas nos exames do exemplo deben responderse tal e como figuran neles?**

-Non. As respostas son correctas, pero orientativas. Non son as únicas posibles.

**-As preguntas e as composicións serán dos mesmos séculos ou de séculos diferentes?**

-Serán dos mesmos séculos, seguindo o seguinte criterio:

Opción A (século XIX), opción B (século XX)

**-A materia de exame será a mesma no caso das preguntas e das composicións?**

-Si. Calquera das preguntas seleccionadas (12 do século XIX e 13 do século XX) pode formularse como pregunta a responder nunha cara de folio ou como composición de texto histórico.

**-Poden poñerse preguntas á marxe das seleccionadas?**

Non.

**-Poden poñerse composicións á marxe das preguntas seleccionadas?**

Non. As composicións limitaranse ós temas das preguntas, aínda que na súa resolución o alumnado pode aproveitar todos os seus coñecementos, relacionándoos cos textos.

**-Poderá poñerse unha composición sobre o papel da muller no franquismo?**

Non. O tema da muller no franquismo figura no exemplo de exame porque este foi elaborado antes da definición dos contidos de Historia Contemporánea. Unha vez feita a delimitación, non é materia de exame.

**-As composicións terán un número variable de textos?**

Non. As composicións serán de 3 textos.

**-Os textos das composicións serán iguais ós de anos pasados?**

Non. En principio os textos serán distintos, aínda que algunha composición poderá incluír algún texto xa utilizado.